UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**Praza número: 25/1029**
**Categoría: Profesor/a Substituto/a**
**Área de coñecemento: Fundamentos da Análise Económica**
**Departamento: Economía**
**Centro: Facultade de Economía e Empresa**

**Número de prazas: 2**
**Dedicación: Parcial P06**

## ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En A Coruña , ás 9 horas do 28 de Xullo, para cumprir os requisitos a que alude o artigo 17.2. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, constitúese a comisión que vai xulgar o concurso que arriba se indica, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incursos en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en situación que se poida cualificar de conflito de interese, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023:

Presidencia: Manuel Alberto Gómez Suárez
Secretaría: Maria Alló Pazos
Vogal: Laura Varela Candamio
Rep. Trab. (s/voto): Elena M. Monserrat Sánchez de Paz

Na Coruña, a 28 de Xullo do 2025
A presidencia da comisión

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: GIH09VG65RS2KQO96T3P3EAJ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 28/07/2025 13:57:43 Página 1 de un total de 6 página(s).

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: GIH09VG65RS2KQO96T3P3EAJ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 28/07/2025 13:57:43 Página 2 de un total de 6 página(s).

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**Praza número: 25/1029** **Número de prazas: 2**
**Categoría: Profesor/a Substituto/a** **Dedicación: Parcial P06**
**Área de coñecemento: Fundamentos da Análise Económica**
**Departamento: Economía**
**Centro: Facultade de Economía e Empresa**

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicado, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

### Criterios de aplicación xeral

- ✓ A especialidade de coñecemento da praza é Fundamentos da Análise Económica. As especialidades de coñecemento afíns son Economía Aplicada e Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa.
- ✓ Cando un mérito poda ponderarse polo número de autores, aplicaranse os seguintes coeficientes multiplicadores:
  - 3 autores ou menos: 1
  - mais de 3 autores: 0.5
- ✓ Cando deba valorarse se un centro é de prestixio, considerarase como tal se figura entre os 500 primeiros no QS World University Rankings by Subject 2025 na categoría de *Economics & Econometrics*.
- ✓ Cando se apliquen varios coeficientes de ponderación, se o seu efecto total está por debaixo do mínimo establecido na normativa, aplicarase este último.

### Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

### I.1. Expediente académico (grado, máster ou licenciatura)

Entenderase como pertencente á especialidade de coñecemento da praza a formación de grao ou licenciatura en estudos de Economía (por exemplo, licenciatura ou grao en Economía, Economía e Finanzas, Análise Económica ou outras titulacións equivalentes con outras denominacións).

Entenderase como afín a formación de grao ou licenciatura en estudos de Administración e Dirección de Empresas (por exemplo, licenciatura ou grao en Administración e Dirección de Empresas, Ciencias Empresariais, Dirección e Xestión de Empresas ou outras titulacións equivalentes con outras denominacións).

A formación noutras áreas de estudo entenderase como non afín.

**Praza número: 25/1029**
**Categoría: Profesor/a Substituto/a**
**Área de coñecemento: Fundamentos da Análise Económica**
**Departamento: Economía**
**Centro: Facultade de Economía e Empresa**

**Número de prazas: 2**
**Dedicación: Parcial P06**

## I.2. Tese de doutoramento

A comisión establecerá o grao de afinidade en función da información dispoñible; en particular, a rama ou especialidade de adscrición do programa de doutoramento e a área de coñecemento dos/das directores/as e das publicacións derivadas, entre outros.

## II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima : 100 puntos

### II.1. DOCENCIA UNIVERSITARIA EN TITULACIÓNS OFICIAIS. Puntuación máxima: 80 puntos

Neste caso entenderase que os méritos pertencen á especialidade de coñecemento da praza obxecto do concurso se a docencia se impartiu en calquera materia da área de Fundamentos da Análise Económica. Entenderase que os méritos pertencen á especialidades afíns se a docencia se impartiu en calquera materia das áreas de Economía Aplicada e Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa. A docencia impartida nas restantes especialidades de coñecemento entenderase como pertencente a especialidades non afíns.

### II.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/ libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

✓ Libros publicados en editoriais académicas de recoñecido prestixio internacional (Cambridge University Press, Oxford University Press, MIT Press, Elsevier, Springer, e similares):
  - Libro completo: 4 puntos
  - Capítulo de libro: 1 punto.

✓ Libros publicados en editoriais universitarias ou outras editoriais académicas avaladas por organismos oficiais (ANECA, SPI, FECYT, etc.):
  - Libro completo: 2 puntos
  - Capítulo de libro: 0,5 puntos.

Quedan expresamente excluídos deste apartado os volumes que recollan actas de congresos, así como os traballos incluídos nesas actas. En ningún caso se valorarán os libros que non dispoñan de ISBN.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Só se considerarán proxectos obtidos en convocatorias competitivas cun mínimo de 1 ano de duración.

  - Internacionais ou nacionais: 1 punto por ano (coordinador), 0,5 puntos por ano (membro do equipo)
  - Outros: 0,5 puntos por ano (coordinador/director), 0,25 puntos por ano (membro do equipo)

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: GIH09VG65RS2KQO96T3P3EAJ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 28/07/2025 13:57:43 Página 3 de un total de 6 página(s).

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: GIH09VG65RS2KQO96T3P3EAJ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 28/07/2025 13:57:43 Página 4 de un total de 6 página(s).



Participación en Grupos de Innovación Docente recoñecidos:

- Coordinador: 0,5 puntos por ano
- Membro do equipo: 0,25 puntos por ano

Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Valoraranse con 0,2 puntos por mes. Só se considerarán as estadías realizadas en centros de prestixio, segundo o establecido nos criterios xerais.

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Valorarase con 0,2 puntos por mobilidade. Só se considerarán as mobilidades realizadas a centros de prestixio, segundo o establecido nos criterios xerais.

Artigos de docencia publicados en revistas académicas. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

✓ 2 puntos por artigo publicado en revistas incluídas no listado Economic Education Academic Journals da *American Economic Association*.
✓ 1 punto por artigo publicado noutras revistas incluídas en SCOPUS ou na WoS.

Aplicaranse os coeficientes multiplicadores por afinidade e por número de autores.

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Carácter internacional: ata 2 puntos
- Carácter nacional: ata 1 punto
- Outros: ata 0,5 puntos

Comunicacións en congresos de innovación docente (máximo de 1 punto por cada mérito alegado). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Só se considerarán congresos organizados ou avalados por asociacións académicas ou científicas recoñecidas:

✓ 0,5 punto por comunicación presentada en congresos de carácter internacional,
✓ 0,25 puntos por comunicación presentada en congresos de carácter nacional ou autonómico.

Aplicaranse os coeficientes multiplicadores por afinidade e por número de autores.

**III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 100 puntos**

**III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos**

Coeficiente multiplicador entre 0.25 e 1 que poderá ter en conta o número de autores/as da publicación e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

No caso das enxeñarías, as publicacións en actas de congreso de calidade contrastada ou incluídos en listas de referencia valoraranse cun máximo de 2,5 puntos por cada contribución. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

**Con respecto á afinidade** á especialidade de coñecemento da praza:

Para os artigos publicados en revistas científicas, entenderase que os méritos pertencen á especialidade de coñecemento da praza obxecto de concurso se se trata de investigación publicada en revistas incluídas nunha ou máis das seguintes categorías das bases de datos que se especifican: "*Economics and Econometrics*" da base Scopus; "*Economics*" da base Web of Science, e "*Economics, Econometrics and Statistics*" da Academic Journal Guide da Chartered Association of Business Schools. Os artigos publicados en revistas clasificadas nas restantes categorías de Scopus, Web of Science e Academic Journal Guide, consideraranse como de especialidades non afíns.

**Con respecto á calidade**, aplicarase un coeficiente multiplicador segundo a posición da revista na Academic Journal Guide (AJG) da Chartered Association of Business Schools (CABS) de 2025:

- Categorías 4*, 4 e 3: 1
- Categoría 2: 0,75
- Categoría 1: 0,5
- Ás revistas incluídas en SCOPUS ou na WoS non incluídas no AJG aplicaráselles un coeficiente multiplicador de 0,25.

As publicacións en revistas non incluídas no AJG, SCOPUS e WoS non serán valoradas.

## Libros e capítulos de libro:

✓ Libros publicados en editoriais académicas de prestixio internacional (Cambridge University Press, Oxford University Press, MIT Press, Elsevier, Springer, e similares):

- Libro completo: 2,5 puntos
- Capítulo de libro: 0,5 puntos

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: GIH09VG65RS2KQO96T3P3EAJ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 28/07/2025 13:57:43 Página 5 de un total de 6 página(s).

**Praza número: 25/1029** **Número de prazas: 2**

**Categoría: Profesor/a Substituto/a** **Dedicación: Parcial P06**

**Área de coñecemento: Fundamentos da Análise Económica**

**Departamento: Economía**

**Centro: Facultade de Economía e Empresa**

- ✓ Libros publicados en editoriais universitarias ou outras editoriais científicas avaladas por organismos oficiais (ANECA, SPI, FECYT, etc.):
  - Libro completo: 1 punto
  - Capítulo de libro: 0,25 puntos

A comisión valorará caso por caso a afinidade de cada libro ou capítulo de libro coa especialidade de coñecemento da praza.

**III.2 Comunicacións en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos**

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Aplicarase o seguinte coeficiente multiplicador segundo o carácter da asociación científica organizadora do congreso:

- Internacional de prestixio (AEA, EEA, ...): 1
- Nacional de prestixio (AEE, AIDE, ...): 0,5.

Aplicaranse os coeficientes multiplicadores por afinidade e por número de autores.

**III.3 Estadías pre e posdoutorais Puntuación máxima: 10 puntos**

Só se considerarán as estadías realizadas en centros de prestixio, segundo o establecido nos criterios xerais.

**III.7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos**

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Os informes técnicos realizados por encargo dunha institución pública ou privada de prestixio valorarase con 2 puntos se ten carácter internacional; 1 punto se ten carácter nacional; 0,5 se ten carácter autonómico, e 0,25 se ten carácter local.

Actividades de divulgación: ata 1 punto por cada mérito, segundo a súa relevancia e afinidade.

Na Coruña, a 28 de Xullo do 2025

A presidencia da comisión

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: GIH09VG65RS2KQO96T3P3EAJ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 28/07/2025 13:57:43 Página 6 de un total de 6 página(s).